

Bolsas da Fundación SGAE para a ampliación de estudos internacionais Curso 2018/2019

A **Fundación SGAE** presenta o seguinte programa de bolsas de formación para o **ano 2018/2019** para a ampliación de estudos no estranxeiro:

- Bolsas para a formación internacional en creación teatral.
- Bolsas para a formación internacional en creación coreográfica.
- Bolsas para a formación internacional en escritura de guión.
- Bolsas para a formación internacional en dirección audiovisual.
- Bolsas para a formación internacional en creación de músicas populares.
- Bolsas para a formación internacional en creación de música clásica actual.

Cada un dos 6 programas de bolsas que se relacionan dotarase de:

- Unha bolsa integral por un importe máximo de 9.000 euros para un curso académico completo. O importe deberá ser destinado aos gastos de matrícula, estancia, viaxe, manutención, etc. do seleccionado.
- E un mínimo de 6 bolsas parciais (e ata o máximo que permita a partida orzamentaria asignada a cada proxecto de bolsa) por un importe máximo de 1.000 euros cada unha delas para a asistencia a cursos, seminarios, master class, obradoiros, etc. de duración determinada e inferior a un curso académico.

Bases da convocatoria

Primeira: solicitantes

1. Os solicitantes deberán ser autores socios da SGAE e deberán xustificar o dominio do idioma no que se impartirá a formación para a que se solicita a bolsa.

2. Ningún solicitante poderá resultar seleccionado para máis dun dos programas de bolsas que se citan nesta convocatoria e, dentro mesmo programa de bolsa, a máis dun tipo de bolsa.

Segunda: tipoloxía dos proxectos de formación e importe da bolsa

1. Esta convocatoria de bolsas circunscríbese aos seguintes ámbitos de creación artística:
 - Creación teatral: escritura.
 - Creación coreográfica: coreografía.
 - Creación audiovisual: escritura de guións e dirección audiovisual.
 - Creación musical: músicas populares e música clásica actual.
2. En cada campo de creación hai dous tipos de solicitudes, a bolsa integral e a bolsa de asistencia a cursos, seminarios, etc. En calquera caso, o programa de estudos obxecto da solicitude **deberá iniciarse a partir do 1 de xuño de 2018 e rematar como máximo o 31 de decembro de 2019.**
3. A formación solicitada deberá ter lugar nun país distinto ao de residencia do solicitante.
4. Para o cálculo da cantidade solicitada terase en conta o prezo de matrícula do curso e os custos de desprazamento e, no caso da bolsa integral, tamén poderán ser obxecto da bolsa os custos de manutención e aloxamento.

Terceira: documentación e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes deberán incluír a documentación seguinte:
 - Impreso de solicitude
 - Documento de identidade
 - Curriculum vitae
 - Documentación sobre os estudos para os cales se solicita a Bolsa
 - Carta do solicitante explicando os obxectivos artísticos perseguidos a través desta formación

- Acreditar a admisión no centro de estudos estranxeiro elixido de recoñecido prestixio a nivel internacional
 - Orzamento de gastos
 - Acreditación do nivel de idioma no que se impartirá o curso
 - Autorización expresa do solicitante para que a Fundación SGAE poida facer uso dos seus datos de carácter persoal para a xestión desta convocatoria.
2. As solicitudes deberán presentarse até as 24.00 horas do 25 de maio de 2018. As solicitudes recibidas fóra do devandito prazo, as presentadas por vía NON telemática ou aquelas que non veñan acompañadas de toda a documentación requirida no punto 1 anterior serán desestimadas.

Cuarta: criterios de selección

Para a avaliación das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

- Cumprimento do requisitos esixidos
- Interese do proxecto de formación
- Méritos académicos e artísticos do aspirante
- Nivel de coñecemento do idioma do país de destino
- Prestixio da institución que imparte a formación.

Cando sexa necesario elixir entre diferentes proxectos susceptibles de recibir a bolsa, daráselle prioridade aos socios que non recibisen axudas ou bolsas da Fundación SGAE con anterioridade.

Tamén se valorarán positivamente aqueles aspectos coincidentes co Plan Director da Fundación SGAE. O citado Plan atópase publicado no Web de Fundación SGAE e pode ser consultado libremente.

Quinta: procedemento e selección de solicitudes

1. Un Comité de avaliación, que estará integrado, entre outros, por membros do Padroado da Fundación SGAE, encargarse de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas Bases.

2. O Comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución será comunicada a todos os interesados por escrito.
3. A resolución do Comité será inapelable.
4. No suposto de resolución positiva por parte do Comité a documentación achegada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá mentres devandito convenio estea vixente.
5. No suposto de resolución negativa o solicitante acepta que Fundación SGAE proceda á eliminación dos arquivos dixitais da documentación de solicitude unha vez comunicada dita resolución negativa.

Sexta: formalización da colaboración

A Fundación SGAE e o solicitante cuxa bolsa fose aprobada subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as Bases establecidas neste documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo e non limitativo:

- Dereitos e obrigacións de cada unha das partes
- Prazo de inicio e finalización da formación bolseira
- Importe da bolsa concedida
- Forma de pagamento
- Seguimento da formación (informe, avaliación e memoria final)

Sétima: deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Toda a información que os solicitantes fornezan a Fundación SGAE para a petición de bolsa e a súa xestión posterior, en caso de resultar seleccionados, teñen carácter confidencial.

Todos os participantes, polo feito de presentar a súa solicitude autorizan expresamente a Fundación SGAE a publicar o seu nome e apelidos na resolución que anuncie quen resulte elixido e que se publicará no sitio web da Fundación SGAE.

Os datos persoais que voluntariamente faciliten os solicitantes incorporaranse a un ficheiro, cuxo responsable é Fundación SGAE, que será notificado ao Rexistro xeral de

Protección de datos da AEPD. O titular do Dereito fundamental á Protección de datos persoais conta cos dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, á atención do Director xeral, rúa Bárbara de Bragança, 7, 28004 Madrid.

A Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

Oitava: normas xerais

1. O solicitante beneficiado coa bolsa mencionará o apoio e colaboración recibida da Fundación SGAE e da SGAE coa bolsa de formación nas entrevistas públicas que lle realicen relativas á formación obxecto da bolsa, no seu caso.
2. A presentación da solicitude por parte do solicitante implica a aceptación expresa das Bases establecidas neste documento e supón a autorización do solicitante para que a Fundación SGAE poida difundir información da axuda prestada nas súas Memorias e demais publicacións.
3. O solicitante exime á Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incorrer o solicitante respecto da realización e desenvolvemento da bolsa e a formación para a que se concede.
4. A Fundación SGAE non adquire, en virtude deste proxecto, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e desenvolvemento da bolsa e a formación para a que se concede distinta da achega concedida.
5. A lexislación aplicable a este documento é a española e as partes sométense expresamente á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital, renunciando ao foro que puidese corresponderlles.

Para máis información:

informacion@fundacionsgae.org